

CAMBIOS NA MATERIA

SEGUNDO A PERMANENCIA

CAMBIOS PERMANENTES

A materia cambia de xeito irreversible, non pode volver ao seu estado orixinal

Exemplo: un ovo que rompe non podemos recompoñelo.

CAMBIOS TEMPORAIS

A materia volve ao seu estado orixinal despois de cambiar

Exemplo: O xeo pode volver a ser auga líquida se lle aplicamos calor.

SEGUNDO A NATUREZA

CAMBIOS FÍSICOS

Son cambios nos que non se altera a composición da materia, só cambian as súas propiedades físicas, como a forma, o tamaño ou o estado

CAMBIOS DE ESTADO

Fusión: Pasar de sólido a líquido

Conxelación: Pasar de líquido a sólido

Evaporación: Pasar de líquido a gas

Condensación: Pasar de gas a líquido

Sublimación: Pasar de sólido a gas sen pasar polo estado líquido

CAMBIOS QUÍMICOS

Son cambios nos que a materia se transforma en substancias diferentes, con novas propiedades. É dicir, a composición da materia cambia.

CAMBIOS DE TAMAÑO OU VOLUME

Dilatarse ou **contraerse** debido á temperatura variando o seu volume.

Comprimirse reduciendo o seu volume